

Sobrenomes na antiga provincia de Betanzos (séc. XII-XVI)

PAULA BOUZAS*

Sumario

Os nosos antepasados medievais levaban dous nomes, pero ningún deles tiña carácter hereditario. No segundo nome, que estaba motivado e permitía a identificación da persoa, teñen orixe os nosos apelidos actuais. A documentación medieval permite o estudo da súa orixe e do seu significado.

Abstract

Our medieval ancestors had two names but neither of them was of hereditary nature. The second name, which was motivated and made it possible to identify individual persons, is the origin our family names. Medieval documentation makes possible the study of their origins and meanings.

0. INTRODUCCIÓN


Ata o século IX os habitantes do noroeste peninsular tiñan unicamente un nome, que podía ter orixe latina, hebrea ou xermánica; pero a finais do século IX empeza a ser necesaria a utilización dun segundo nome, entre outras cousas, porque a poboación aumenta e os nomes únicos comezan a repetirse, perdendo o seu carácter identificador. Estes segundos nomes medievais poden proceder de tres fontes diferentes:

- o nome do pai
- un alcume
- o nome do lugar do que o individuo procede ou no cal habita

Poremos uns cantos exemplos. Pensemos nun home que vive en Betanzos no século XII, que se chama *Fernando* e é fillo dun home chamado *Rodrigo*. Un posible segundo nome para el sería *Rodríguez*, que é un segundo nome frecuente na Idade Media. En orixe levarían este segundo nome os individuos cuxo pai se chamase así. Pero é posible que o individuo en cuestión non asumise este nome porque, por exemplo, non resultaba identificador (podería haber varios veciños que o levasen), senón o nome do seu lugar de procedencia, pasando a ter como segundo nome *de Regueiro* ou *Regueiro*. Unha terceira posibilidade é que este individuo fose identificado a través dun alcume, é dicir, dunha característica persoal (*Fernando Bo*), da súa profesión (*Fernando Ferreiro*) ou da súa aparencia física (*Fernando Delgado*). Co tempo estas formas fanse hereditarias, converténdose así nos nosos apelidos actuais.

A partir do estudo de catorce documentos medievais betanceiros, datados entre os séculos XII e XVI, descubriremos que tipo de sobrenomes foron utilizados para nomear os habitantes da cidade durante a época. Baixo a etiqueta *sobrenome* incluímos os segundos nomes que proceden do nome de lugar e dos alcumes, deixando á parte os segundos nomes que proceden do nome do pai (ou patronímicos). Os nomes tirados destes documentos, que fan un total de 361, aparecen clasificados segundo a súa procedencia na

* Paula Bouzas naceu en Betanzos. É licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela e está facendo a súa tese de doutoramento sobre edición de documentos medievais. Actualmente vive en Alemaña, onde traballa como lectora de galego na Universidade de Heidelberg.



seguinte gráfica, na que ademais se ofrecen as porcentaxes de aparición de cada un dos grupos en cada un dos períodos históricos estudados.

Esta gráfica permite apuntar certa tendencia: os patronímicos van pouco a pouco cedéndolle terreo aos sobrenomes na designación dos individuos. Na nosa pequena achega, tentaremos analizar as difentes formas e dar conta da súa historia e da súa evolución.

I. SOBRENOMES PROCEDENTES DE NOMES DE LUGAR

Son sobrenomes de orixe toponímica. Así se denominan os sobrenomes que proceden dun nome de lugar (ou topónimo). Nun principio este tipo de sobrenomes indicaban a orixe do individuo, o seu lugar de residencia, o lugar onde desempeñaba un cargo ou, no caso da nobreza, onde tiña o seu señorío.

Moitas formas do vocabulario común referidas a accidentes xeográficos ou construcións humanas son asumidas para designar con frecuencia aldeas e vilas e, xa que logo, tamén para designar os individuos que se relacionan con elas. Este fenómeno reflíctese nos nosos documentos, nos que se rexistran formas como *Castro*, *Ponte*, *Penedo*, *Souto*, *Ermida*, *Veiga*, *Piñeiro* ou *Nogueira*.

Geronimo de Souto clerigo (1452; Guev, doc. 1).

Afonso da Ueyga / Afonso da Vega (1452; Guev, doc. 1).

Roy do Coto (1459; Oro87, doc. 3).

Fernando de Hermida (1493; Oro88, doc. 2).

Elbira de Cela (1564; Lores).

Con todo, a maior parte das formas de orixe toponímica rexistradas fan referencia a parroquias e a lugares localizados na antiga provincia de Betanzos (constituída polo ano 1480). Así aparecen como segundos nomes os nomes de parroquias como *Bergondo* (hoxe concello), *Cis* (Oza dos Ríos), *Leiro* (Abegondo), *Mandaio* (Cesuras), *Lamas* (San Sadurniño) e *Vións* (Abegondo):

Recendus de Burgundio (1138; Dav, p. 99).

Petrus de Cinis (1145; Dav, p. 101).

Miguel de Viones (1262; Maia 42).

Roy de Leyro (1452; Guev, doc. 1).

Garçia de Cesuras (1493; Oro88, doc. 2).

Juan de Mandayo (1548; Vales).

Entre os lugares da antiga provincia aparecen como segundos nomes *O Regueiro*, *Nogueira*, *Vilanova* (Abegondo), *Quintá* e *Cesuras* (Cesuras), *Loureiros* (Coirós), *Medín* (Oza dos Ríos), *Cela* e *Carballido* (Irixoa), *Nelle* e *Vacariza* (Narón).

Garçia de Nelle (1459; Oro87, doc. 3).

Juan de Loreiros (1493; Oro88, doc. 2).

Elbira do Rogueiro (1564; Lores).

Ademais hai dous exemplos, ambos os dous anteriores ao ano 1480, que fan referencia a lugares do actual concello de Cambre: *Lendoiro* e *Andeiro*.

Juan Dandeyro (1453; Guev, doc. 2).

Pero de Lendoyro (1459; Oro87, doc. 3).

Son abondosos os segundos nomes que teñen a súa orixe en señoríos e que cedo pasaron a ser adoptados pola nobreza e pola fidalguía como marca da familia: *Figueroa*, *Andrade*, *Vilamarín*, *Lemos* ou *Lanzós*. A este grupo pertencen tamén unha serie de formas orixinarias da provincia de Lugo: *Cervantes*, *Baamonde*, *Lastres*, *Pallares* ou *Ulloa*. Este fenómeno ten unha explicación histórica, posto que as casas nobiliarias lucenses estableceron lazos familiares con familias da comarca (os Figueroa, por exemplo), que asumiron os seus nomes como marca da ligazón.

É curioso observar como moitas destas formas (que en principio teñen reminiscencias nobiliarias) fan referencia tamén a individuos que pertencen á contorna dalgún dos membros da casa:

Maria de Ulloa (serventa de Lopo Nuñez Pardo) (1452; Guev, doc. 1).

Pedro Lastres vezino das Figueiras criado de Ares Pardo (1564; Lores).

Aparecen, así mesmo, topónimos doutras comarcas, sobre todo en relación con clérigos ou notarios que posiblemente teñen ao seu cargo varias xurisdicións e non son nativos de Betanzos: *Cardama* (Ordes), *Monteagudo* (Arteixo), *Rendal* (Arzúa).

Sancho de Cardama notario de Santiago (1467; Lucas).

Jacome de Rendal clérigo (1467; Lucas).

Antonio Monteagudo aluazil mayor (1552; Oro88, doc. 3).

Os sobrenomes relacionados cos nomes de santos teñen tamén orixe toponímica, posto que os patróns das diferentes parroquias acabaron por darlles nome a moitas comunidades e de aí a ser asumidos polos seus habitantes. Dous casos frecuentes, que tamén están presentes nos nosos documentos, son os sobrenomes *Sanxurxo* e *Sanxián*:

Alvaro Sanjurjo vecino de Parga (1501; Guev, doc. 6).

Juan de Sangiao (1552; Oro88, doc. 3).

Hai varios lugares co nome destes santos. *San Xurxo*, como topónimo, é frecuente na provincia de Lugo (Xermade, Chantada, etc.). Pola súa banda, *San Xián* aparece na zona de Ferrol (Valdoviño e Moeche).

Só nun caso atopamos un topónimo de fóra de Galicia:

bachiller Bonifacio de Toledo, theniente justiça (1493, Oro88, doc. 2).

Parece que os topónimos se foron afianzando como sobrenomes ata convertérense en elementos fixos na designación dun individuo. Nun primeiro momento aparecían despois doutro elemento (un patronímico ou un alcume), pero logo pasaron a desempeñar a función de segundo nome. A evolución foi a seguinte:

1. Prenome + 2º nome + deTOP.
2. Prenome + deTOP.
3. Prenome + TOP.

No primeiro caso, o topónimo era diferenciador (diferenciaba dous individuos ou caracterizaba o individuo mencionando o seu lugar de orixe ou de residencia). No segundo caso actúa xa como segundo nome e é asumido como nome do individuo de forma regular. No terceiro caso perde toda connotación de procedencia e, xa que logo, a preposición desaparece.

Nos nosos documentos apréciase claramente esta evolución: mentres que no século XIII o topónimo tende a aparecer na terceira posición, tras un patronímico ou un alcume, no século XV faino en segundo lugar, desprazando outras formas:

	2º lugar da cadea (nº de casos)	3º lugar das cadeas (nº de casos)
séc. XIII	2	15
séc. XV	36	9

Polo que respecta á aparición da preposición, non se aprecia nos documentos analizados unha evolución lineal. As secuencias con preposición son maioritarias mesmo nos documentos do século XVI. As secuencias sen preposición, pola súa banda, son escasas. De feito, só atopamos algún exemplo no século XVI (7 formas das 35 rexistradas): *Fraga*, *Monteagudo*, *Pena*, *Piñeiro*, *Sanxurxo*, *Varela* e *Noguerol*.

licenciado Pena medico (1548; Vales).

Antonio Monteagudo aluazil mayor (1552; Oro1988, doc. 3).

bachiller Fraga (1564; Lores).

Gomez Piñeiro sastre (1564; Lores).

II. SOBRENOMES PROCEDENTES DE ALCUMES

Os alcumes forman parte, cando menos en orixe, da lingua común e a súa utilización para identificar un individuo está motivada. É difícil atinar con esta motivación (entran en xogo factores subxectivos que funcionan na comunidade), pero é posible facer unha clasificación das formas segundo o significado: 1) cualidades físicas ou psíquicas, 2) situación social e profesión, 3) animais, 4) vexetais, 5) obxectos da vida cotiá e 6) outros.

Nos nosos documentos podemos atopar exemplos de todos os grupos, aínda que o máis numeroso é o que fai referencia á profesión e/ou á situación social:

Casado. *Affonso Casado* (1459; Oro87, doc. 3). Fai referencia á situación social dun individuo. A forma é o participio de verbo *casar*, relacionado á súa vez con *casa*.

Castelao. *Martin Castellao* (1265; Maia 45). É unha forma ambigua, xa que pode facer referencia tanto ao morador do castelo coma ao étnico correspondente ao topónimo *Castela* (existiu un arquiprestádego así chamado na provincia de Ourense).

Celano. *Lope Celano carniceiro* (1493; Oro88, doc. 2). Vén do latín CELANU, que significa 'o que vivía, o que na caza coloca os cepos'.

Conde. *Gonçalo Conde escripuano* (1467; Lucas). A orixe da forma está en COMES, -ITIS, que orixinariamente facía referencia ao 'compañeiro na batalla' e que posteriormente pasou a designar un título feudal. Aplicouse non só aos que posuían o título, senón tamén a aqueles que traballaban para o conde, que pertencían ao seu círculo ou que eran fillos ilexítimos. Non se descarta tampouco unha motivación irónica; a mesma que se rexistra na lingua falada con formas como *marqués* ou *barón*.

Cordeira. *Aldonça Cordera vezina de Figueroa* (1564; Lores). A base está en CHORDA ‘cordel, sogá’ e o substantivo aplícase a aquel que fabrica este tipo de obxecto.

Cortés. *Antonio Cortes escriuano* (1548; Vales). O étimo e COHORS, COHORTIS ‘patio’. A forma galega *corte* pode referirse tanto á corte do gando coma á corte real. Se temos en conta esta última acepción, o alcume faría referencia á persoa pertencente á contorna do rei. A primeira acepción puido derivar en apelido a través da toponimia. Neste caso, o acento agudo podería explicarse pola influencia doutros apelidos rematados en *-és*.

Cubeiro. *Roi Cubeiro* (1459; Oro87, doc. 3). A base é a palabra *cuba*, do latín CUPA. O substantivo fai referencia ao oficio daquel que as fabrica ou as vende.

Escudeiro. *Affonso Escudeiro de Fians* (1459; id.), *Affonso Escudeiro Garçia* (1459; Oro87, doc. 3). Vén de *escudo* (SCUTUM,-I) e refírese ao ‘fidalgo de categoría inferior que acompaña a un cabaleiro’.

Ferreiro. *Roy Ferreiro* (1452; Guev, doc. 1), *Affonso Ferreiro* (1459; Oro87, doc. 3). Vén do latín FERRARIUS, que á súa vez deriva de FERRUM. A frecuencia deste apelido, que se atopa en todas as linguas románicas, indica a importancia desta profesión na sociedade medieval.

Freire. *Rodrigo Freire de Andrade* (1564; Lores), *Jº Freire de Lanços* (1564; id.). A orixe da forma está no latín clásico FRATER, FRATRIS ‘irmán’, que foi desprazada por GERMANUS nesta acepción. A forma penetrou no galego de novo a través do occitano, logo do establecemento da orde de Cluny, co significado de ‘membro dunha orde relixiosa’.

Labrador. *Lazaro Labrador* (1548; Vales). É derivado do verbo LABORARE ‘traballar’ e refírese á persoa que se dedica aos traballos agrícolas.

Mancebo. *Pedro Mazebo* (1262; Maia 42). Vén da forma latina MANCIPIUM ‘escravo’. Na Idade Media facía referencia ao criado, ao mozo que estaba ao servizo doutra persoa.

Romeu. *Fernan Romeu* (1452; Guev, doc. 1), *Pero Gonçalves Romeu* (1452; id.). Vén do latín ROMAEUS, derivado de Roma. Na Idade Media adquire o significado de ‘peregrino a terra santa’.

As características físicas do individuo motivan tamén un gran número de alcumes. Os que imos ver a continuación fan referencia explícita a elas:

Belo. *Juan Belo clerigo* (1564; Lores). A orixe desta forma estaría no adxectivo BELLUS ‘agradable, con graza’.

Calvelo. *Fernando Calvelo* (1459; Oro87, doc. 3). Esta forma ten como base o adxectivo *calvo*. Formas derivadas do adxectivo CALVUS,-A,-UM aparecen xa como cognomes ou nomes en época latina.

Xordo. *Roy Sordo das Marinnas* (1459; Oro87, doc. 3). Significa ‘que ten carencia de audición’ e vén do latín SURDUM,-A,-UM.

A este grupo pertencen tamén as alcuñas que designan cores. Normalmente, fan referencia á cor do cabelo ou da pel. Nos nosos documentos, atopamos as seguintes formas:

Pardo. *Layn Pardo escudero* (1501; Lores), *Geronimo Pardo vezino de Cedeira* (1564; id.). O adxectivo significa ‘de cor da terra’ e existía como cognome en época latina. O alcume refírese á cor do cabelo ou da pel.

Rubio. *Juan Robeo* (1552; Oro88, doc. 3). Do latín RUBEUS ‘roxo’. Refírese á cor da pel ou do cabelo.

Tamén aqueles alcumes relacionados coas partes do corpo teñen como motivación algunha característica física (tamaño ou defecto):

Barba. *Gonçalo Barba de Figueroa* (1548; Vales), *Diego Ares Barba* (id.), *Antonio Barba* (id.), *Maria Barba* (id.). O étimo latino é BARBA. Esta forma, así coma outras derivadas desta, funcionaban xa como cognomes na época latina.

Colmelo. *Rui Colmelo* (1564; Lores). O seu significado é o de ‘dente canino’ e vén da forma do latín vulgar COLUMELLUS.

Testa. *Pero Testa* (1493; Oro88, doc. 2). Deriva de TESTO ‘testo de barro’.

Menos numeroso é o grupo de alcuñas que fai referencia a características psicolóxicas:

Alegre. *Pedro Alegre de Avelanedo* (1262; Maia 43). Vén do latín vulgar ALECRIS ‘ledo, alegre’.

Bo. *Françisco Boo* (1459; Oro87, doc. 3). Do latín BONUS,-A,-UM.

Fiel. *Álvaro Fiel* (1459; id.). Da forma latina FIDELIS.

Salgado. *Alonso Salgado* (1493; Oro88, doc. 3). O adxectivo vén do participio do verbo SALICARE ‘salgar’. A acepción coa que aparece como alcume é posiblemente a de ‘enxeñoso, agudo’.

Outro grupo importante é o das formas que fan referencia aos animais e que poden responder a diferentes motivacións. Por unha parte, atribúenlle ao individuo unha cualidade que a comunidade identifica cun determinado animal (*rato* identifícase con graza, rapidez; *corvo* con crueldade ou con seriedade; etc.); e pola outra, poden estar relacionados coa ocupación do individuo. Nos nosos textos atopamos os seguintes casos:

Abellón. *Françisco Avellon procurador general* (1552; Oro88, doc.3). Deriva de *abella* (APICULA).

Corvo. *Pelagius Curvus* (1138; Day, p. 100). O étimo é a forma latina CORVUS. Posiblemente o alcume faga referencia á crueldade do individuo.

Pita. *Alvaro Pita* (1459; Oro87, doc. 3), *Fernando Pita* (1548; Vales). É a forma feminina de *pito*. A palabra latina PICTUS era xa empregada como alcuña.

Raton. *Juan Raton procurador* (1493; Oro88, doc. 2). Este alcume relaciónase xeralmente con características como ‘graza, extravagancia, comicidade’.

Sardiña. *Fernan Sardiña* (1467; Lucas).

Polo. *Alonso Pulo escriuano* (1548; Vales).

Teixo. *Pedro Teixo* (1548; id.). Vén da forma do latín TAXUS ‘animal plantígrado’ (á súa vez do xermánico THAHSUS).

Só nun caso o alcume remite a un elemento do mundo vexetal:

Rabiña. *Juan Rabinna* (1548; Vales). A orixe é dubidosa, pero parece provir da forma RAPUM ‘nabo, tubérculo de forma alongada’.

Como alcumes empréganse tamén formas relacionadas con obxectos da vida cotiá. Normalmente, estes elementos identifícanse dentro da comunidade con determinadas características psíquicas ou físicas, que a través do alcume lle son atribuídas ao individuo. Son o que denominamos referencias metafóricas. Nos documentos estudados aparece este tipo de alcuñas en catro casos; dúas destas formas relaciónanse con pezas de vestir e parecen ter unha motivación humorística ou de carácter profesional:

Felpeto. *Juan Felpeto* (1564; Lores). Vén da forma *felpa* ‘tipo de tecido’, á cal se lle engade o sufixo *-eto*.

Fole. *Pero Fole* (1501; Guev, doc. 6). Vén de FOLLIS ‘bolsa de coiro’. Pode facer referencia a unha característica física (‘brando, mol’) ou psíquica (relacionada coa tolemia ou coa lixeireza moral).

Saya. *Juan Saya* (1564; Lores). Fai referencia a unha peza de roupa ampla que vestían na Idade Media tanto os homes coma as mulleres. Provéñ do latín vulgar SAGIA (de SAGUM, -I) ‘vestimenta’.

Taco. *Muniu Tacum* (1138; Dav, p. 100). A forma *taco* ten o significado de ‘peza que obstrúe’ e probablemente se refire de xeito metafórico a un individuo pequeno e groso. Parece ser esta unha referencia frecuente.

É común que pasen a converterse en apelidos formas abstractas, que non fan referencia a entidades recoñecibles polos sentidos. Hai unha única forma nos nosos manuscritos:

Amor. *García Amor* (1459; Oro87, doc. 3). Vén directamente do latín AMOR, -ORIS.

Unha das formas indica parentesco: Sobriño. *Vasco Sobrino* (1552; Oro88, doc. 3). O latín SOBRINUS designaba ‘o fillo do curmán’, pero logo adquiriu o significado propio de NEPOS ‘fillo do irmán’. Os nomes de parentesco para designar a persoas aparecen xa na época latina. Posiblemente están motivados pola importancia social da persoa coa que está ligado o individuo; pero esta non é a única explicación, posto que nun principio podía diferenciar dous membros dunha familia co mesmo prenome e segundo nome.

Por último, hai un caso no que aparece un xentilicio. Aínda que forman parte do grupo de apelidos denominados de orixe, preferimos integralo dentro das alcuñas porque, polo menos en principio, trataron de individualizar a persoa fronte ao resto da comunidade atribuíndolle unha característica identificadora. Nos nosos textos aparece unha única forma deste tipo como segundo nome:

Franco. *Pedro Franco de Carrezeda* (1262; Maia 42). A palabra provén da forma latinizada FRANCUS. O xentilicio, nun principio, refírese ao pobo xermánico que desprazou aos galos, pero posiblemente na Idade Media *franco* designa calquera estranxeiro que proveña do outro lado dos Pirineos e mesmo de Cataluña.

III. BIBLIOGRAFÍA

III. 1. Fontes

- Daviña Sáinz (1999): “Tumbo de las Cascas (I)”, *Anuario Brigantino 1998*, Concello de Betanzos, pp. 77-103.
- García Oro, José (1987): “San Salvador de Cecebre: ¿un coto de Betanzos? Un episodio de la confrontación entre Betanzos y sus “caballeros”, *Anuario Brigantino 1986*. Concello de Betanzos.
- García Oro, José (1988): “Ordenanzas Municipales de Betanzos de los siglos XV y XVI. Estudio y edición diplomática”, *Anuario Brigantino 1987*, Concello de Betanzos.
- Lucas Álvarez, M.; M^a José Justo Martín (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Doc. 339.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século XIII ao século XVI*. Coimbra: INIC. Doc. 42, 43, 44, 45.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (1987): “Documentos Medievales (I): Los Pardo de Cela del siglo XV”, *Anuario Brigantino 1986*, Concello de Betanzos, pp. 26-30.
- Vaamonde Lores, César (1931): “Testamento de Juana Díez de Lemos por el que funda una obra pía para casar doncellas vecinas de la ciudad de Betanzos y sus arrabales (1564)”, *Boletín de la Academia Gallega: Colección de documentos históricos*, RAG, pp. 310-325.
- Vales Villamarín, F. (1952): “Copia del testamento de Fernán Reimóndez de Figueroa, regidor de la ciudad de Betanzos” en “Colección de documentos brigantinos: IX (1548)”, *Anuario Brigantino 1951*, Concello de Betanzos.

III.2. Obras de consulta

- Boullón Agrelo, Ana (1994): *Contribución ó estudio da antroponimia medieval galega (séculos VIII-XIII)*, USC. Tese de doutoramento.
- Carreras y Candi, F. (dir.) (1980): *Geografía general del Reino de Galicia*. Ediciones Gallegas. A Coruña.
- Kremer, Dieter: «Bemerkungen zu den mittelalterlichen hispanischen cognomina I-VII» en *Aufsätze zur portugiesischen kulturgeschichte*. Band 1970/71/72/74/76/80/80/81. Münster: Aschendorffsche Verlagsbuchhandlung.
- Rivas Quintas, Elixio (1991): *Onomástica persoal do noroeste hispano*. Lugo. Alvarellos.